

A avaliación


A avaliación é posiblemente o aspecto de maior responsabilidade na nosa profesión. Do proceso de avaliación dependerá a promoción do alumnado, e a nosa tarefa docente xulgarase, en parte, dependendo dos resultados desa avaliación. En EVAs (Entornos Virtuais de Aprendizaxe) os sistemas de cualificación están moi automatizados e son moi configurables. As actividades de Moodle son maioritariamente avaliadas e, segundo esa configuración, o alumnado terá unha cualificación ou outra. O inmediato da cualificación (en moitos casos como nos cuestionarios) ten un efecto motivador moi potente que se suma ó da propia tecnoloxía. Porén, non debemos caer na tentación de pensar que é a panacea ou os resultados finais caerán sobre nós coma unha lousa de realidade. Recomendo a lectura da seguinte análise de [blended learning](#) de *Javier Martinez Aldanondo*.

No noso caso, o da utilización da aula virtual como complemento ás clases presenciais, é pouco probable de que a ferramenta se converta en obxectivo final. Pero tampouco debemos caer no anecdótico polo que creo que a súa utilización debe ser constante ao longo do curso académico.

Por todo isto, a configuración dun curso e concretamente a configuración das cualificacións de todas as actividades avaliativas é primordial.

Cualificacións

Para acceder ás cualificacións prememos no menú do mesmo nome no bloque administrador. Apareceranos un listado coas cualificacións das distintas tarefas avaliativas, coa posibilidade de facer ordenamentos, de ver a tarefa, descargar as cualificacións nun determinado formato, etc.



The screenshot shows the Moodle 'Cualificacións' (Grades) interface. At the top, there are buttons for 'Ver cualificacións' and 'Definir preferencias'. Below these are three download buttons: 'Descargar en formato ODS', 'Descargar en formato Excel', and 'Descargar en formato de texto'. The main table is titled 'Cualificacións' and has columns for 'Estudiante', 'Localiza e entra na AV do teu Centro', 'Edita o teu perfil', 'Crear un curso', 'Engadir un título e unha etiqueta', 'Engadir unha web, unha ligazón e un directorio', 'Total', and 'Estadísticas'. The table lists 11 students, all named 'Alumnado', with scores of 100 for the first six activities and 500 for the 'Total' column. The last row is for 'Ortigueira, Rexina'.

Estudiante	Localiza e entra na AV do teu Centro	Edita o teu perfil	Crear un curso	Engadir un título e unha etiqueta	Engadir unha web, unha ligazón e un directorio	Total	Estadísticas	Estudiante
Ordenar por apelido	100	100	100	100	100	500		Ordenar por apelido
Ordenar por nome								Ordenar por nome
01, Alumnado	-	-	-	-	-	-		01, Alumnado
02, Alumnado	-	-	-	-	-	-		02, Alumnado
03, Alumnado	-	-	-	-	-	-		03, Alumnado
04, Alumnado	-	-	-	-	-	-		04, Alumnado
05, Alumnado	-	-	-	-	-	-		05, Alumnado
06, Alumnado	-	-	-	-	-	-		06, Alumnado
07, Alumnado	-	-	-	-	-	-		07, Alumnado
08, Alumnado	-	-	-	-	-	-		08, Alumnado
09, Alumnado	-	-	-	-	-	-		09, Alumnado
10, Alumnado	-	-	-	-	-	-		10, Alumnado
11, Alumnado	-	-	-	-	-	-		11, Alumnado
Ortigueira, Rexina	-	-	-	-	-	-		Ortigueira, Rexina

Tamén teremos unha serie de opcións para configurar se seleccionamos a pestana "Definir preferencias". Normalmente non é preciso isto polo que a maioría das opcións están ocultas e para visualizalas debemos premer no botón "utilizar funcionalidades avanzadas" e veremos outras opcións e unha serie de pestanas (en recadros laranxa na imaxe) que nos permitirán establecer máis polo miúdo as nosas preferencias sobre ás cualificacións.

Ver cualificaci3n Defini r preferencias **Definir Categorías** Definir ponderaci3n **Cualificar con letra** Excepci3n das cualificaci3n

Definir preferencias ?

Ocultar funcionalidades avanzadas

Mostrar as cualificaci3n ponderadas:	Non
Mostrar puntos:	para todo o mundo
Mostrar porcentaxes:	Non
Mostrar cualificaci3n con letra:	Non
Cualificaci3n por letra:	Utilizar porcentaxe
Reimprimir cabeceiras:	Ningún
Mostrar elementos ocultos	Si

Gardar preferencias

Na pestana "definir categorías" poderemos ordenar as actividades avaliativas en grupos ou categorías permitíndonos establecer ponderaci3n en funci3n desas categorías; isto p3dese facer na seguinte pestana "definir ponderaci3n". Tamén poderemos establecer cualificaci3n con letra ou excepci3n das cualificaci3n escollendo a pestana correspondente.

Exemplo de configuraci3n das cualificaci3n

Supoñamos que facemos un curso de nove temas con actividades avaliativas distintas en cada un. Supoñamos tamén que na programaci3n didáctica temos recollido como instrumentos de cualificaci3n o seguinte:

Co obxecto de poder cuantificar dalgunha maneira as actividades de avaliaci3n que se propoñan consideramos que, sobre un 100 %, cada una das actividades representará na avaliaci3n parcial e final o seguinte:

- ❖ *A observaci3n directa: 15 %, con ela avaliáanse procedementos e sobre todo actitudes.*
- ❖ *O caderno e as actividades de clase (AV): 25 %, con el se avalián sobre todo os procedementos.*
- ❖ *As probas escritas: 60 %, con elas valóranse maioritariamente os conceptos, aínda que segundo o seu deseño, tamén procedementos.*
- ❖ *Considerarase que un/ha alumno/a ten aprobada unha avaliaci3n cando a cualificaci3n sexa igual ou superior a 5.*
- ❖ *A cualificaci3n final ordinaria será a media ponderada das tres avaliaci3n segundo a seguinte ponderaci3n:*
 - ✓ *1ª avaliaci3n 25%*
 - ✓ *2ª avaliaci3n 35%*

✓ 3ª avaliación 40%

❖ Considerarase aprobada a materia cando a media sexa igual ou superior a 5.

Para establecer distintas ponderacións nas avaliacións, o primeiro que debemos facer é establecer esta categorías e darlle a esa ponderación (dúas primeiras pestanas en recadro laranxa da imaxe anterior).

Categoría	Ponderar	Soltar X máis baixa	Puntos positivos	Oculto
Primeira avaliación	25.00	0	0	<input type="checkbox"/>
Sen categoría	0.00	0	0	<input checked="" type="checkbox"/>
Segunda avaliación	35.00	0	0	<input type="checkbox"/>
Terceira avaliación	40.00	0	0	<input type="checkbox"/>

Gardar modificacións

A ponderación total é igual a 100

Logo deberemos ter presente o valor que lle daremos a cada actividade segundo a encadremos en observación directa, actividades de clase ou probas escritas. Os valores poden ser numéricos (de 0 a 100) ou mediante letra (con equivalencias). En Moodle 1.8 non se poden establecer subcategorías polo que a única forma de ponderar as distintas actividades é mediante o valor que se lle dá. Este valor tamén deberá depender do número de actividades de cada tipo que haxa posto que o cualificador de Moodle o que fai é sumalas.

Exemplo: se temos catro notas de clase (observación directa) valoradas sobre 10, dúas actividades valoradas sobre 10 e unha proba escrita (exame) sobre 10, o cualificador considerará que o valor total é de 70 puntos polo que o peso do exame foi só de 1/7 cando debería ser de 4/7 para que se aproximara ao 60% que temos na programación. Polo tanto, as actividades deberían ser valoradas sobre 25 e o exame sobre 100 acadando un total de 190 puntos *aproximándose* ás ponderación de 15%, 25% e 60%